

-Informe favorable da Dirección Xeral de Costas do Ministerio de Medio Ambiente do 8 de outubro de 2007.

5. Informes municipais previos á aprobación provisional: técnico do 19 de marzo de 2007 e xurídico do 16 de abril de 2007.

6. Foi aprobada provisionalmente polo Pleno en sesión do 20 de abril de 2007.

7. Orde do 7 de setembro de 2007, da conselleira de política Territorial, Obras Públicas e Transportes, na cal se resolvía non lle outorgar a aprobación definitiva á dita modificación puntual, sinalando unha serie de deficiencias que o concello emendará introducindo as oportunas correccións e logo de aprobalas elevará novamente o proxecto para a súa aprobación definitiva.

8. Informes municipais previos á aprobación provisional: técnico do 24 de setembro de 2007 e xurídico do 10 de outubro de 2007.

9. Nova aprobación provisional polo Pleno en sesión do 19 de outubro de 2007.

II. Consideracións e fundamentación.

1. A modificación é formulada polo Concello de Pontevedra e ten por finalidade a reordenación do ámbito de solo urbano integrado pola UA-7 (terreos da fábrica de Tafisa) e parcelas inmediatas de uso industrial para a súa recualificación como uso residencial, hoteleiro e terciario.

2. As razóns de interese xeral nas cales se fundamenta a formulación da modificación, de acordo co artigo 94.1º da Lei 9/2002, son as da mellora da ordenación urbanística pola desaparición de uso non desexable no interior do solo urbano (contaminación atmosférica e tráfico pesado relacionados coa fábrica), o aumento dos espazos libres públicos, a mellora e articulación das zonas residenciais periféricas cos espazos libres públicos e o río e a creación de novas dotacións públicas, encamiñándose así a obter os obxectivos que no dito artigo se citan.

3. Para os efectos previstos no artigo 117.2º da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, analizouse o proxecto e non se apreciou ningunha deficiencia no que atinxe ao cumprimento da lexislación en materia de costas.

4. Considéranse suficientemente emendadas as deficiencias postas de manifesto na orde da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes do 7 de setembro de 2007.

III. Resolución:

Visto canto antecede, resolvo:

Primeiro.-De acordo co punto 5.a) do artigo 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aprobar definitivamente a modificación puntual do PXOM do Concello de Pontevedra no eido da UA-7 e a súa zona de influencia.

Segundo.-Contra esta orde cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguín-

te ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Terceiro.-De conformidade co disposto polos artigos 92 da Lei 9/2002 e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o concello deberá publicar, no BOP, a normativa e ordenanzas da modificación aprobada definitivamente.

Cuarto.-Notifíquesele esta orde ao concello e publíquese no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de decembro de 2007.

María José Caride Estévez
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 7 de xaneiro de 2008 pola que se resolve a convocatoria da do 17 de outubro, pola que se convocan axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo correspondentes aos estudos de ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional, módulos profesionais experimentais e artes plásticas e deseño.

Cumpridos os trámites que figuran na Orde do 17 de outubro de 2007, DOG do 23 de outubro, pola que se convocan axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo correspondentes aos estudos de ciclos formativos de grao medio e superior de formación profesional específica, módulos profesionais experimentais e artes plásticas e deseño.

Vista a proposta de adxudicación da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, segundo as previsións dos artigos 5 e 9 da orde de convocatoria, e de conformidade co disposto no seu artigo 10,

RESOLVO:

Primeiro.-Anunciar a exposición ao público das listaxes definitivas dos beneficiarios das axudas concedidas correspondentes ao curso 2007-2008 (setembro-décembro), e nas contías que se indican, que estarán expostas no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, oficina de atención ao cidadán, e nas delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Segundo.-Denegar, por non reunir os requisitos establecidos no artigo 2 da orde de convocatoria, as solicitudes que se relacionan no anexo.

Terceiro.-Contra esta resolución, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Relación de alumnos excluídos por no cumprir cos requisitos establecidos na orde de convocatoria

Provincia: Ourense.

Centro: Felicidad Duce.

Dni: 76912539-X

Apellidos y nombre: Rodríguez Vázquez, Macarena.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

Resolución do 7 de xaneiro de 2008 pola que se modifica a do 15 de outubro de 2007, pola que se fixan os criterios de adquisición dos terreos para as etapas 3ª (fase B), 4ª, 5ª e 6ª do solo residencial de San Paio de Navia.

Vista a Resolución do 15 de outubro de 2007, publicada no DOG nº 205, do 23 de outubro, pola que se fixan os criterios de adquisición dos terreos para as etapas 3ª (B), 4ª, 5ª e 6ª do solo residencial de San Paio de Navia, resultan os seguintes antecedentes de feito:

Nas aliñas m) e n) da letra B) Criterios a seguir para a permuta, establécese o remate do prazo de presentación das ofertas nas 14.00 horas do día 8 de xaneiro de 2008.

RESOLVO:

Modificar a data de remate do prazo de presentación de ofertas quedando fixada nas 14.00 horas do día 8 de febreiro de 2008.

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2007.

Daniel Pino Vicente
Director xeral do Instituto Galego da Vivenda
e Solo

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 17 de xaneiro de 2008 pola que se nomean os membros do tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de promoción interna, no corpo auxiliar da Xunta de Galicia (grupo D).

Unha vez convocado o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de promoción interna, no corpo auxiliar da Xunta de Galicia (grupo D) pola orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 4 de outubro de 2007, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 195, do 8 de outubro de 2007, e de conformidade co establecido nas bases da convocatoria, esta consellería

DISPÓN:

Nomear o tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo para o ingreso pola quenda de promoción interna no corpo auxiliar da Xunta de Galicia (grupo D) coa composición que se relaciona no anexo.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2008.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO

Corpo auxiliar da Xunta de Galicia (grupo D)

Tribunal titular:

Presidencia:

-Freddy Viso López.

Vogais:

-Juan Luis Martínez Varela.

-Ramón Rodríguez Isla.

-Juan Alberto Araujo Gutiérrez.

Secretaría:

-Pilar Mariño Gómez.

Tribunal suplente:

Presidencia:

-Alfonso Blasco García.

Vogais:

-Isabel Pillado Quintáns.

-Antonio Iglesias Telle.

-Álvaro Fernández Baamonde.

Secretaria:

-Mª Carmen Salgueiro Matos.